


PLAN DE ACOLLIDA CPR AGARIMO

O Plan de acollida do CPR Agarimo ten por finalidade garantir a incorporación do alumnado, profesorado e persoal non docente ó curso 2021-2022 axustándose ás directrices sanitarias orientadas ó control da pandemia de COVID-19



Este documento especificará únicamente os protocolos para o comenzo do curso: as modificacións as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, o protocolo de acollida ó alumnado e a comunicación ós diferentes axentes educativos das novas normas.

Prazo de desenvolvemento: do 2 ó 29 de setembro

Data de presentación ao Consello Escolar do centro: 22 de outubro

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Estas son as modificacións temporais das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia que foron adoptadas para axetalas á emerxencia sanitaria:


Asistencia ó centro

No caso de presentar síntomas compatibles co COVID-19 (febre, tos ou dificultade respiratoria) o alumnado, o profesorado ou o persoal non docente non deberá asistir ó centro.

Xustificación das ausencias

No caso de ausencia por síntomas compatibles co COVID-19 abonda a xustificación da familia no caso de alumnado menor de idade.

Xestión das entradas e saídas



Cada grupo ten asignada unha ruta propia entre o exterior do centro e a súa aula, que aparecen detalladas no apartado 28 do Plan de Adaptación.

Recreo: espacios e horarios

Establécense dous recreos de trinta minutos cada un que dividen ó alumnado en dous grupos durante o tempo de lecer. Asemesmo, en cada recreo o alumnado está distribuído por grupos (segundo a aula á que pertencen) en espacios diferentes de modo que non haxa contacto físico entre alumnos de aulas diferentes. Os detalles desta distribución están especificados no apartado 38 do Plan de Adaptación.


Gardas

Auméntase o número de gardas tanto nas entradas e saídas como nos recreos para adaptalas á segregación profiláctica do alumnado. Durante todo o horario lectivo o profesorado de garda acompaña ao alumnado itinerante ata/desde a porta de entrada ó recinto do centro.

Circulación no centro educativo

Debido ás características do noso centro (clases teóricas e prácticas en aulas específicas) o alumnado ten que cambiar de aula no transcurso do horario lectivo. Cinco minutos antes do remate da clase, é o profesorado que se atopa na aula o encargado de acompañar ó alumnado polo itinerario, respetando sempre a sinalética disposta para evitar coincidencias e aglomeracións.

Titorías




As familias que o desexen poden solicitar unha titoría con cita previa, chamando ó teléfono do centro. A titoría realízase telefónicamente no horario de atención a pais do titor. De ter que realizarse de modo presencial, a reunión deberá ter lugar nunha estancia cas medidas profilácticas adecuadas.

Disposición dos espazos físicos

Modifícase a disposición mobiliaria nas aulas e espazos comúns para axeitala ás directrices comunicadas pola Consellería, como aparece especificado nos apartados 10 e 11 do Plan de Adaptación.

Dótase tanto dependencias como espazos itinerantes dos complementos profilácticos e sinaléticos especificados no Plan de Adaptación.

Habilítase un espazo de illamento para a estancia temporal de calquer persoa que presente síntomas compatibles co COVID-19. No apartado 4 do Plan de Adaptación especificáanse os detalles de dita aula.



NORMAS E MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO, PROFESORADO, PERSOAL NON DOCENTE E FAMILIAS


Alumnado

Ca intención de concienciar e orientar ó alumnado desde o primeiro momento, o día da súa incorporación ó curso escolar, 20 de setembro, os alumnos son esperados na porta de acceso ó recinto do centro polo seu titor e conducidos á súa aula polo itinerario específico asignado a cada grupo. Unha vez na aula infórmaselles en detalle das normas hixiénicas e de comportamento que deberán seguir desde o primeiro día. Ditas normas están especificadas no Plan de Adaptación.

Profesorado

O día 1 de setembro réunese ó claustro no salón de actos para informalo das medidas extraordinarias que están recollidas no plan de actuación, o de continxencia e o de acollida. Durante as semanas que preceden á incorporación do alumnado, ademáis de desenvolver as labores propias deste período laboral, os docentes poñen en común e analizan críticamente as medidas adoptadas de cara a optimizar o protocolo de actuación.

A dotación do profesorado, as súas obrigacións e competencias no que atinxe ó desenvolvemento do plan de adaptación á situación causada polo COVID-19 están especificados no documento que recolle dito plan.




Persoal non docente

O persoal non docente do centro é informado dos protocolos especificados nos tres documentos que recollen os plans de adaptación, continxencia e acollida.

Familias

As familias do alumnado de 1º FPB foron convocadas no centro por ttorías e informadas das novas normas e adaptacións á situación de actividade lectiva presencial durante a pandemia. As reunións teñen lugar en aulas ventiladas e ca distribución espacial axeitada ás directrices profilácticas.



PLAN DE CONTINXENCIA

CPR AGARIMO

O Plan de continxencia do centro educativo CPR Agarimo ten por finalidade establecer o protocolo de actuación fronte a aparición de casos sospeitosos e diagnósticos da COVID-19, contemplando a suspensión temporal da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo


Para a elaboración deste plan tomouse como referencia o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2021-2022.

XESTIÓN DOS GROMOS

Prevenção de casos

Non asistirán ao centro aqueles alumnos, docentes ou outro persoal que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria.

O centro solicitará unha declaración responsable ao inicio do curso na que as familias se comprometen a non enviar ós seus




fillos nos supostos que marca a lei e recollelos no centro con brevidade se aparece sintomatoloxía compatible coa COVID-19 ó longo da xornada lectiva.

Xestión de casos sospeitosos

No suposto no que unha persoa ou alumno/a comenza a desenvolver síntomas compatibles coa COVID-19 no centro educativo seguirase o seguinte protocolo:

- Levarase á aula de aillamento. Proporcionaráselle unha máscara cirúrxica nova (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ó seu coidado).
- Contactarase ca familia, no caso de afectar a alumnado.
- A familia de alumnado sospeitoso de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra/médico de atención primaria para que este lle avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- Chamarase ao centro de saúde de Arteixo ou ao teléfono de referencia do SERGAS 900 400 116 e seguirase as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
- Se é un traballador ou un alumno maior de idade e/ou emancipado o que inicia síntomas, deberá abandonar o centro protexido por máscara e seguir as instrucións do centro de




saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

- De confirmarse un caso de COVID-19, seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade.
- Tanto se tratase de alumnado, profesorado ou persoal do centro quen padecese os síntomas sospeitosos ou fose diagnosticado de COVID-19, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC), quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de COVID-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio.

Xestión dun gromo

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro na súa totalidade, de conformidade cos seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena de parte ou a totalidade do




grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

- Cando exista unha detección de tres casos positivos confirmados nos últimos sete días, poderase acordar o peche do nivel educativo completo onde xurdira o grupo ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente plan relativas ao ensino a distancia.
- Aos efectos de determinación do nivel de risco, a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

XESTIÓN DE PERÍODOS DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL


- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario a través de medios telemáticos. O profesorado continuará impartindo de xeito virtual os contidos contemplados na programación, sempre suxeito ás recomendacións recibidas desde a administración educativa. Asignaranse regularmente tarefas relacionadas cos contidos da programación con vistas a avaliación continua do alumnado.



- Identificarase ao alumnado que teña dificultades de conexión telemática e adoptaranse, na medida do posible, as medidas necesarias para a continuidade da súa educación.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado, cando coincidan co tempo de suspensión.
- O centro manterá contacto directo coas familias e co alumnado para coñecer o seu estado de saúde, continuar ca formación a distancia e atender a eventualidades que dificulten o óptimo desenrolo da mesma.

ACTUACIÓN DURANTE UN EVENTUAL PECHE

- Aproveitarase a ausencia de alumnado, docentes ou persoal non docente para unha limpeza e desinfección concienzuda das instalacións desaloxadas ben polo peche dun aula ou da totalidade do centro.
- Analizarase críticamente as posibles causas do gromo derivadas de posibles erros tanto na concepción das medidas preventivas como da súa execución, de cara a optimizalas para futuras situacións.



REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

A reactivación da actividade lectiva finalizado o período de peche levarase a cabo segundo as directrices que corresponde establecer á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen perxuízo destas medidas xenéricas, o CPR Agarimo axeitaralas ás continxencias específicas do centro no momento da reactivación.

ANEXO II

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con DNI
número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a
_____, matriculado no curso
_____, do centro educativo _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En _____, a ___ de _____ de 2020.

ASDO. _____

